

25 N

Adolfina Mesa
Andrea Fernández Mancera
Clara Pino
Carlota Millor
Lourdes Macciras
Marina Macciras Segovia
Patricia Torrado Quiruga
Silvia Tasende
Silvia Pardo Galdo



VOCES CONTRA O MACHISMO

25 N

VOCES CONTRA O MACHISMO

25 N

VOCES CONTRA O MACHISMO

ANDREA FERNÁNDEZ MANEIRO

LOURDES MACEIRAS

MARIÑA MACEIRAS SEGOVIA

ADOLFINA MESA

CARLOTA MILLOR

SILVIA PARDO GALDO

CLARA PINO

SILVIA TASENDE

PATRICIA TORRADO QUEIRUGA



© Culturalia GZ, 2023

info@culturaliagz.com www.culturaliagz.com

© Textos, ilustracións e imaxes: as súas autoras

Deseño e Maqueta: Culturalia GZ

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista na lei.

ÍNDICE

BREVE NOTA INTRODUTORIA 10

ANDREA FERNÁNDEZ MANEIRO **PORTAS** 12

LOURDES MACEIRAS **HAIKUS CON ALAS** 16

MARIÑA MACEIRAS SEGOVIA **DESFRUTAR A VIDA** 20

ADOLFINA MESA **BEIZOS VERMELLOS** 24

CARLOTA MILLOR **TOC TOC** 26

SILVIA PARDO GALDO 30

CLARA PINO **A BALANZA** 34

SILVIA TASENDE **CULTURA DE XÉNERO** 38

PATRICIA TORRADO QUEIRUGA **O SANGUE DAS NOSAS** 42

BREVE NOTA INTRODUTORIA

Como a realidade é terriblemente teimosa en impedir que deixemos de conmemorar a data do 25 N, *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*, desde Culturalia GZ tamén teimaremos en enfrontar esta continxencia negativa a nivel social, que ten como vítima principal á muller, coa palabra loitadora que representantes do eido literario, artístico ou educativo achegan para armar unha publicación diversa e comprometida como a que conforma esta pequena obra dixital.

25 N *Voces contra o machismo* xunta nun único berro a vontade e o compromiso de nove autoras que desde a súa perspectiva singular buscan afianzar a forza colectiva necesaria para rematar de maneira definitiva contra a lacra secular do machismo. A arte, a través da imaxe ou da palabra, de Andrea Fernández Maneiro, Lourdes Maceiras, Mariña Maceiras Segovia, Adolfina Mesa, Carlota Millor, Silvia Pardo Galdo, Clara Pino, Silvia Tasende e Patricia Torrado Queiruga.

GRAZAS!

Culturalia GZ

PORTAS

Andrea Fernández Maneiro



Detrás da porta está
a man que tira a pedra,
o inicio de todo,
a mala semente.


Atrás da porta
agochamos a vergonza
de ter peitos,
de menstruar,
de ser virxe.

Ir para muller é aprender cedo
que detrás da porta
hai palabras
que nos deixan á intemperie,
hai espellos de contos de fadas
que falan mal de nós,
hai un corredor escuro
polo que aprendemos a asumir
o camiño da violencia.

Detrás da porta alguén
comezou o maltrato perpetuo,
aquele que semella ser
só inícuca escuridade.

HAIKUS CON ALAS

LOURDES MACEIRAS



Ti non es igual.
Non son, non. Son superior.
Penso e sinto.

Non é violencia.
É ameaza, medo.
Imposición!

Esaxerada.
Vida desorbitada.
Pánico atroz.

Sempre estás soa.
Cruzo fronteiras que ti
nin imaxinas.

Comigo sempre.
Comparto o sufrimento,
axuda grupal.

Ves? Dixéchesme.
A inmovilidade
foi total. Non, non!

Mando e ordeno!
Non á subordinación!
Loitar e marchar.

DESFRUTAR A VIDA

MARIÑA MACEIRAS SEGOVIA

Un farol acendido.
O frío nos beizos.
Un camiñar inseguro.
Unha inseguridade no peito.

Apurar o paso ao ver unha sombra.
Apertar as chaves no peito.
Facer unha chamada falsa.
Ter o medo por certo.

Nunca sucede nada ata que pasa.
Ter que aturar as miradas.
O perigo de desaparecer,
polo simple feito de volver á casa.

Ir sempre en manda.
Un grupo preto...
Compartindo situación,
que non haxa nada secreto.

Pero nunca,
baixo ningún concepto,
deixar de desfrutar a vida


por se aparecen uns paifocos.

Non pensamos renunciar
a pechar as discotecas.

Ou facer festas nunha casa de campo
por temor a que nos controlen coma monicreques.

BEIZOS VERMELLOS

ADOLFINA MESA



BEIZOS VERMELLOS

GÚSTAME A COR DA MIÃ REGRA
NOS MEUS BEIZOS

Adriana

TOC TOC

CARLOTA MILLOR

Toc, toc.

O eco da madeira golpeada resoa na escuridade. Dous simples toques que perturban a calma da soidade.

Toc, toc.

Catro cotelos repiten o movemento. Non hai dúbida. É el. Está aquí.

Toc, toc.

Camiño de puntillas polo corredor, alerta. O meu destino atópase a apenas uns poucos minutos, o tempo que a vella cerradura tarde en ceder, pero son incapaz de facerlle fronte.

Toc, toc.

A porta do aseo péchase ás miñas costas. Corro o pasador, sentíndome protexida. Oxalá fose así. Oxalá non se houbese corrido antes de quedarme atrapada neste cárcere infinito.

Toc, toc.

Escoito a Rex ladrando na cociña. É máis listo do que podo imaxinar. Intenta protexerme. Testemuña de cada bágoa, de cada berro silencioso... Unha mágoa que non poda falar. Aínda peor que eu tampouco sexa capaz de facelo.

Toc, toc. Pum.

A pechadura cedeu. Non é a primeira que o fai. Cando se me vaian as mazaduras de hoxe, baixarei á tenda do barrio mercar unha nova. O dono é moi amable, agasallándome sempre con miradas de compaixón. Sabe o que hai, el e todos, pero son como Rex. Non falan.

Toc, toc.

Os golpes resoan agora na porta do aseo. Non tardou en descubrir o meu refuxio. Coñece cada un dos meus movementos. Ás veces, mellor do que o fago eu mesma. Ou iso me dicía el sempre.

Toc, toc.

Lémbrome da primeira vez que sucedeu, sendo apenas uns rapaces. Unha pequena discusión e: ups! “Escapóuseme, amor, foi sen querer. Eu nunca che faría dano a propósito”. Tiña razón, non creo que fose a propósito. Sempre foi automático, como un instinto natural.

Toc, toc, toc.

Rex xa non ladra. Bótome a chorar en silencio, temerosa de que lle fixese algo. Non lle gusta que nada min ninguén interfira nos seus asuntos. Iso me dicía cando comezou a afastarme das miñas amigas.

Toc, toc.

“Son unhas putas, non lles creas unha palabra do que din. Eu fágote feliz, todo o que elas che din son celos. Es unha afortunada por terme. Non as necesitas. Eu vou estar sempre aquí para ti”.

Toc, toc. Pum.

A porta ábrese e o pesadelo toma forma. Quero berrar, pero hai tempo que non teño voz. Quero correr, pero o peso da culpabilidade impídeme avanzar entre tanta escuridade.

Toc, toc.

O ruído dos seus pasos segue o mesmo ritmo que o dos cotelos sobre a madeira. Evito ollalo mentres dá voltas arredor de min, analizándome. Síntome unha gacela a punto de ser cazada por un león.

Toc, toc. Pum.

O primeiro golpe é sempre o peor. A partir do quinto, o corpo xa se acostuma. Desexo que me dea o suficientemente forte como para perder o sentido. Así, polo menos, pasará máis rápido.

Toc, toc.

Xa non golpea obxectos, só a min, pero o ruído segue incrustado na miña cabeza.

Toc, toc.

Pásame as mans pola boca e polo nariz. Non entendo por que. Sabe que non vou pedir axuda. O castigo sería moito peor.

Toc, toc.

Comprendo o que está a facer antes de que retire a man. O de adormecerme é novo. Se non estivese a piques de perder o coñecemento, felicitaríao pola innovación.

Toc, toc.

A escuridade envólleme e tento coller aire. Alégrome de non miralo, non quero irme coa súa imaxe como punto final da película.

Toc, toc.

O ruído segue aí. Seguirá no máis profundo de min, aínda que me vaia. Atormentoume en vida e seguirao facendo sempre, alí onde estea.

Toc, toc.

Xa non teño que preocuparme por ir mercar unha nova cerradura. O traballo está feito. Imaxínome a mirada do dono da tenda ao ler as noticias de mañá. Pregúntome se sairá o meu nome Se o atoparán a el con vida. Se, agora que non estou, alguén se atreverá por fin a falar.

Toc, toc.

Abro os ollos, xa non no meu aseo. Atópome nunha habitación luminosa, chea de ventás. En cada unha delas, unha rapaza óllame con atención, golpeando o cristal. Comprendo entón que non son ventás, son espellos. Están saudándome.

Toc, toc.

Repito o movemento e saúdoas de volta, sorrinte. Non debería, pero estou un chisco entusiasmada. O pesadelo acabou e agora todas voamos lonxe do pesadelo.

Toc, toc, toc. Toc, toc.

Ata a próxima, cotelos na madeira. Agora comezarei a tocar ao meu propio ritmo.

SILVIA PARDO GALDO

e fico atravessada nas balas de Colômbia
nos feminicídios consentidos de Ciudad Juárez
no genocídio em Gaza

na tua palavra feble
e no último sargação sanador

a lágrima derradeira
que ves no rosto duma menina em Mali
é a morte contada em prime time

todos são hoje traficantes de verdade
no teu televisor de 65 pulgadas
que malpagas

pedimos à carta
e ceamos o vômito delirante das covardes
mentres sonhamos com bombardeos massivos
nas salinhas de estar

ti
a menina incômoda no silêncio assassino
ti
berrando: ouça-me privilégio!
ti
preta rebelde crecha
um verdugo
a seiva derramada entre as nocas dos dedos
emudeço
ela era uma mulher sempre sorrindo

A BALANZA

CLARA PINO



Teño unha balanza que tentea
a entoación do meu medo
con pesos de cores
que só eu sei cantar.

O verde inxéctame
recendo a menta
conságrandome a acoller
un petisco de clemencia.

~~Para poder perdoar.~~

O azul encoméndame
que non me deixe enganar
despois da primeira malleira.
Non son unha gradicela.

~~Para coller folgos.~~

O malva suxire
que o alacrán da cociña
agarda o intre para inocular
o seu mortal veneno.

~~Para sobrevivir.~~

O negro evidencia
que se mexo por min,
a morte está preto
por moito que eu cante.

~~Podería estar morta.~~

A Mantis,
despois das sacudidas, determina
que o mellor é devorar.

CULTURA DE XÉNERO

SILVIA TASENDE

Tranquilízame pensar que para as miñas alumnas do instituto será máis doado decidir que tipo de muller queren ser e como selo naturalmente sen renuncias, sen esforzo e moito menos sen que iso poña en perigo a súa integridade física ou psíquica. Quero pensar que elas xa non cuestionarán o seu xeito de vestir cando reciban comentarios inapropiados, non as sobarán no autobús urbano, non temerán ás preguntas persoais nas entrevistas de traballo, nin poñerán en dúbida a súa profesionalidade cando inxustamente non as promocionen.

A educación de xénero nas aulas

Supoño que non é máis que unha idealización e que elas, as novas xeracións de mulleres, coma todas nós, as súas nais e as súas devanceiras, terán que seguir esforzándose para que no ámbito familiar e social se repecten e promocionen os seus dereitos. Por iso festexo os programas educativos, as charlas de concienciación que cada ano acollemos nos centros educativos co obxectivo de que, todas e todos nós, vaia mellorando a nosa cultura de xénero, de convivencia en liberdade e igualdade. Para que sexan as propias nenas as que identifiquen dende pequenas as situacións de abuso e as denunciem, amparadas institucional e socialmente, nun entorno seguro.

25N

O 25 N conmemora o día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha data que lembra a morte de tres irmáns asasinadas en 1960 na República Dominicana e que a ONU fixo propia no ano 1999. Unha efeméride que segue a ser precisa xa que a violencia machista matou a 51 mulleres en España no que vai de ano; 1236, nas dúas últimas décadas. Imaxinemos a arrepiante cifra a nivel mun-

dial tendo en conta que en moitos países as mulleres non teñen dereitos nin na teoría: viven desprotexidas legalmente e, consideradas como meras pertenzas patriarcais, as súas mortes agóchanse no ámbito privado baixo un concepto delituoso da honra.

Mullericidio

Xa fai cento cincuenta anos que a escritora galega Emilia Pardo Bazán acuñou o termo mullericidio para espir ao eufemismo crime paixonal do seu disfrace. O feminismo activista de Emilia Pardo Bazán viña probablemente reforzado por un acontecemento do que nunca falou directamente: o asesinato da súa avoa paterna a mans do seu segundo home. Acto seguido, nun ritual vergoñento que segue a ser familiar, quitábase a vida deixando unha carta coa que pretendía xustificar o seu crime xa que sospeitaba que a súa muller, a avoa de Emilia, o ía abandonar. Emilia escribiu centos de contos que retrataban a mulleres maltratadas e amedrentadas polos seus homes e pais, condenando a violencia patriarcal sobre a muller. Só por poñer uns exemplos, no conto *Las medias rojas* o pai desfigura brutalmente á súa filla e trunca o seus sonos de emigrar, a súa única posibilidade de saír da violencia doméstica e da pobreza. Na novela *La piedra angular* o zapateiro Antiojos mata dunha malleira a súa filla Orosia e en *La Tribuna* Rita, unha das operarias da fábrica de tabacos, leva un pano arredor da cara para ocultar as tundas que lle da o home.

A violencia sutil de atribuír ás mulleres características extraordinarias

Pero Emilia denunciaba ademais unha violencia silenciosa e sutil que segue tendo toda a forza e o peso histórico do patriarcado. A historia da dominación sobre a muller constrúese tamén sobre esa suposta

indolencia e heroicidade das mulleres. A muller superheroína, anxo do fogar. Esa idea extendida de que ás mulleres non nos importa sacrificar polos nosos fillos, esa asunción aínda maioritaria das cargas familiares, dos coidados dos maiores e dos rapaces e das tarefas domésticas. Maila a que homes e mulleres traballan fóra da casa, segue latexando a idea do home como provedor dos fogares e a muller como a responsábel do coidado dos fillos e das tarefas domésticas. Esas diferenzas impiden que as mulleres compitan no mercado laboral en igualdade de condicións i engraxan unha maquinaria inxusta, violentamente colectiva, responsábel de que as mulleres con educación superior accedan aos postos directivos nun 50% menos que os homes e que a diferenza salarial media sexa de 360€ ao mes.

A carga mental da maternidade

Ademais é preciso que falemos da inxusta carga cognitiva asociada ás mulleres especialmente cando se convirten en nais. A carga mental na maternidade é o tempo que se gasta en pensar e realizar todo o traballo para que as familias funcionen correctamente: lembrar que o bote de xel e o aceite estanse a rematar e hai que repoñelos, buscar unha logopeda para Xoán, mercarlle dúas cartolinas para o traballo de Naturais, lembrar que Xabier ten que levar os cartos para a excursión, un bocadillo e ir buscalo unha hora máis tarde que de costume, o agasallo para o aniversario do mércores, xestionar as axendas dos fillos...Este traballo cognitivo e invisíbel semella aínda territorio exclusivo das mulleres, o que aumenta tamén o noso estrés e a nosa incapacidade para ter momentos de descanso e satisfacción no noso día a día, mesmo de desfrutar da maternidade. É unha carga que eu asumín dende o primeiro día que fun nai, cunha naturalidade que non é real, senón social e inxusta, e que cómpre visibilizar e compartir xa que son horas, días, anos de responsabilidades asumidas individualmente que nos obrigan a prescindir dun tempo propio que poderíamos invertir no noso desenvolvemento persoal e social.

O SANGUE DAS NOSAS

PATRICIA TORRADO QUEIRUGA



Habitar o silencio
ese lugar onde non es ninguén
onde o esquecemento debuxa co sangue das irmás
as mans dun patriarcado que segue a moldear a fraxilidade
de quen só pode ser musa, monxa, nai ou puta.

Cremos que fora un mal soño
mais cando derrubamos as catedrais
atopamos aqueles teitos de cristal
onde nos cauterizaban as extremidades

CRÉDITOS DAS IMAXES

VÁTER, Andrea Fernández Maneiro

ALAS, Lourdes Maceiras

LONDON 2014, Clara Pino

HABITANTES DO SILENCIO, Patricia Torrado Queiruga

ESTE OBRA DIXITAL SAE PUBLICADA EN
CULTURALIA GZ O 25 DE NOVEMBRO DE
2023, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Ir para muller é aprender cedo
que detrás da porta
hai palabras
que nos deixan á intemperie,

Pero nunca,
baixo ningún concepto,
deixar de desfrutar a vida



Cremos que fora un mal soño
mais cando derrubamos as catedrais
atopamos aqueles teitos de cristal
onde nos cauterizaban as extremidades

Repito o movemento e saúdoas de volta, sorrinte. Non
debería, pero estou un chisco entusiasmada. O pesadelo
acabou e agora todas voamos lonxe do pesadelo.

Toc, toc, toc. Toc, toc.
Ata a próxima, cotelos na madeira. Agora comezarei a
tocar ao meu propio ritmo.

Sempre estás soa.
Cruzo fronteiras que ti
nin imaxinas.

as novas xeracións de mulleres, coma todas nós, as
súas nais e as súas devanceiras, terán que seguir
esforzándose para que no ámbito familiar e social se
repecten e promocionen os seus dereitos.

A Mantis,
despois das sacudidas, determina
que o mellor é devorar.

todos são hoje traficantes de verdade
no teu televisor de 65 pulgadas
que malpagas

